



**CONCELLO DE ORDES**  
**(A CORUÑA)**

ACTA Nº 9/2016

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA TRINTA E UN DE AGOSTO DE DOUS MIL DEZASEIS.**

En Ordes, a trinta e un de agosto de dous mil dezaseis.

No Salón de Actos da Casa da Cultura, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Extraordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA M<sup>a</sup> SONEIRA LIÑARES
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- LUIS CAAMAÑO FRAGA
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- MANUEL REGOS BOQUETE
- SILVIA MARÍN PEREIRO
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL
- LUCÍA IGLESIAS MIRÁS
- PABLO VIDAL RÍOS
- PAULA CASTENDA BLANCO
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- VERÓNICA GÓMEZ FUENTES

Non asisten:

- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás vinte horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

**PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 26/07/2016.**

Polo Sr. Alcalde procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de data 26/07/2016, cuxa minuta foi distribuída



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PsdeG-PSOE, que sinala que na folla nº 13, parágrafo terceiro, aprecia o erro seguinte:

### Onde dí

.../...

Que están a favor da empresa pública, xa o defenderon aquí moitas veces, o defenderon en temas educativos, sociais. Outra cousa é a realidade. Frase evitar no posible evitar a contratación de empresas privadas, iso a xente non o entende, as festas son cando son, temos o tempo que temos. Hai que desbrozar neses meses e o persoal ten un horario é moi difícil compaxinar e conciliar todos estes intereses (...).

.../...

### Debería dicir

.../...

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que están a favor da empresa pública, xa o defenderon aquí moitas veces, o defenderon en temas educativos, sociais. Outra cousa é a realidade. Frase evitar no posible evitar a contratación de empresas privadas, iso a xente non o entende, as festas son cando son, temos o tempo que temos. Hai que desbrozar neses meses e o persoal ten un horario é moi difícil compaxinar e conciliar todos estes intereses (...).

.../...

A acta da sesión ordinaria, de data 26 de xullo de 2.016, resultou aprobada, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor, coa abstención da Sra. Castenda Blanco, sendo dezasete o número legal de membros desta Corporación, coa corrección sinalada pola Sra. Gómez Fuentes.

### **PUNTO SEGUNDO: INSTALACIÓN DE VERTEDOIRO DE RESIDUOS NON PERIGOSOS NA PARROQUIA DE LESTA, ORDES.**

Polo Sr. Secretario procédese a dar lectura ao acordo do grupos políticos da Corporación, de data 31 de outubro de 2016, que se transcribe a continuación:

“Pola Secretaría de Calidade e Avaliación Ambiental, Consellería Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, estase a tramitar expediente de autorización ambiental integrada das instalacións do vertedoiro de residuos non perigosos, promovido por Reciclaje Ambiental Lesta, S.L., nos lugares de Porto Fieito e Fonte do Trigo no concello de Ordes (clave 2016-I-IPPC-44).

Con data 24 de agosto de 2016, rexistro de entrada nº 5323, a Asociación de Afectados Polo Vertedorio de Residuos Non Perigosos de Lesta, presentou no Rexistro Xeral do concello un escrito no que se sinala que a construción deste novo vertedoiro sobre terreos do concello de



## CONCELLO DE ORDES

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

Ordes pode supoñer a centralización definitiva dos vertidos de lixo sen tratamento previo de toda Galicia na comarca de Ordes.

A maiores, engaden que os efectos medioambientais deste vertedoiro superan con moito os límites do concello ao dar respaldo definitivo a un sistema de recollida de lixo baseado no transporte de longa distancia e ao depósito directo dunha alta porcentaxe de lixo sen tratar. Este sistema resulta evidentemente insostible, tanto desde o punto de vista medioambiental como económico.

Por último, a Asociación solicita que polo Pleno do Concello na sesión extraordinaria a celebrar o día 31 de agosto de 2016, en relación co instalación deste vertedoiro de residuos non perigosos neste termo municipal, se adopten os acordos seguintes:

1. Manifestar a súa repulsa á instalación do vertedoiro pretendido por Reciclaje Ambiental Lesta, S.L., por danar os intereses socioeconómicos e medioambientais do concello e da comarca de Ordes.
2. Declararse contrario á centralización do almacenamento e xestión de residuos de toda Galicia na comarca de Ordes, o cal resulta antieconómico e medioambientalmente obsoleto.
3. Establecer no PXOM, previamente á aprobación provisional e definitiva do documento, a clasificación precisa para protexer á poboación da ra de San Antón Hyla arbórea (agora Hyla molleri), en particular, e polo menos, clasificando o solo de especial protección de augas a totalidade do rego, que nacendo en Fonte do Trigo, alimenta o caudal do Rego de Lesta, que tal e como se deduce do Estudo de Impacto Ambiental forma parte do hábitat da citada poboación de rás.

A Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, inclúe a Hyla arbórea no Anexo V “especies animais e vexetais de interese comunitario que requiren unha protección estrita”.

O Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas, cataloga a Hyla arbórea con “vulnerable”, séndolle de aplicación o establecido no art. 10.b.

O Decreto 139/2011, do 4 de febreiro, polo que se desenvolve o listado de especies silvestres en réxime de protección especial e do catálogo español de especies ameazadas, inclúe a Hyla arbórea neste listado, polo que é de aplicación o art. 54 da Lei 42/2007, que establece a prohibición do deterioro das súas áreas de reprodución.

Na parcela na que pretende instalarse este vertedoiro de residuos non perigosos existe unha charca que constitúe un elemento fundamental para a reprodución e a supervivencia da poboación da especie Hyla arbórea, que debe ser protexido.

A instalación nos lugares de Porto Fieito e Fonte do Trigo no concello de Ordes dun vertedoiro de residuos non perigosos é incompatible coa conservación e protección estrita que a lexislación medioambiental contempla para esta especie.

Considerando que corresponde ao Concello a defensa dos intereses xerais dos veciños, así como a delimitación no Plan Xeral de Ordenación Municipal das distintas categorías de solo



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

rústico, segundo o disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro e na lexislación sectorial correspondente.

Por todo elo, os grupos políticos que integran a corporación municipal (PP, UxO, BNG, grupo mixto-PSdeG-PSOE), adoptan o acordo seguinte:

1. Manifestar a súa repulsa á instalación dun vertedoiro de residuos non perigosos, promovido por Reciclaje Ambiental Lesta, S.L., no concello de Ordes, por danar os intereses socioeconómicos e medioambientais do concello e da comarca de Ordes.
2. Declararse contrario á centralización do almacenamento e xestión de residuos de toda Galicia na comarca de Ordes, o cal resulta antieconómico e medioambientalmente obsoleto.
3. Previamente á aprobación provisional e definitiva do PXOM, previo informe do equipo redactor e axustándose ao sinalado no art. 34.2.c) e f) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, estableceranse como solo rústico de especial protección os terreos precisos para protexer á poboación da ra de San Antón Hyla arbórea (agora Hyla molleri), e a totalidade do rego, que nacendo en Fonte do Trigo, alimenta o caudal do Rego de Lesta (afluente do río Lengüelle), que forma parte do hábitat da citada poboación de rás.
4. Someter os acordos anteriores ao pleno do concello de Ordes para a súa ratificación”.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PsdeG-PSOE, que sinala que quere manifestar o seu apoio a estas xustas demandas da Asociación e dos veciños, que somos todos os afectados que vivimos no pobo e na comarca en xeral. Vai a expor os puntos que lle levan a apoiar este acordo plenario e a non estar a favor da construción deste vertedoiro no noso termo municipal. O informe que xustifica o non outorgamento desta autorización ambiental contén elementos de peso e rigor suficientes para facer esta clara manifestación. O efecto ambiental sobre a hyla arbórea, o ser nunha parcela cunha forte pendente vai a afectar negativamente ao río Lengüelle e ao río Tambre, inclusive podería afectar á auga consumida en Santiago. Se considera o proxecto ambientalmente inviable por que se fai referencia a que na zona hai un total de oitenta e catro especies cuxo hábitat se podería ver afectado por este vertedoiro. Non podemos esquecer os intereses agrogandeiros na parroquia de Lesta que poderían verse seriamente afectados por esta construción, que atentaría gravemente contra os intereses socioeconómicos do noso concello. Por último, afectaría á calidade do aire, os problemas para a saúde para os veciños, que están por riba de calquera interese económico que podería haber coa construción deste vertedoiro. En relación coa modificación do PXOM, se recordan cando a aprobación inicial o PSOE dixo que era necesaria a súa aprobación, pero que a tramitación apresurada escusándose na aprobación dunha nova lei do solo podería ter consecuencias negativas, por que o PXOM podería ter algún erro ou deficiencia que poderían comprometer a viabilidade do concello. O tempo agora danos a razón, por que se se quere delimitar no PXOM un solo de especial protección, algo que non era novo por que xa viña de atrás. Existen erros na cartografía do documento por que non se grafían como solo de protección



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

de augas o entorno de dous regos. O PXOM era preciso pero había que redactalo con rigor para evitar este tipo de deficiencias ou erros. Esíxenlle ao Alcalde e ao seu equipo de goberno o firme compromiso para facer todo canto sexa posible, todo e canto teñan competencia para evitar ter que dar a licenza deste vertedoiro, e que manterán puntualmente informados aos veciños de calquera novidade que haxa neste tema, por que non é menor.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que como xa manifestaron na reunión que mantiveron cos veciños en Lesta o pasado mércores dezasete. Pídenlles primeiramente desculpas por non ternos decatados do trámite de información pública do procedemento de autorización ambiental integrada sobre o proxecto do vertedoiro que se pretende instalar en Lesta. Tan pronto como foron coñecedores desta iniciativa puxéronse mans á obra para intentar freala. O nove de agosto iniciaron unha campaña advertindo sobre o vertedoiro e manifestando publicamente a súa repulsa e a oposición ao mesmo. Dende a Asociación de veciños de Lesta lles solicitaron unha reunión que celebraron o dezasete de agosto no local social de Lesta par escoitar as demandas dos veciños. Nesta reunión se comprometeron a solicitar ao día seguinte un pleno extraordinario para tratar este asunto. O día dezaoitto de agosto ás 9:15 horas presentaron unha solicitude de celebración dun pleno extraordinario no que se recollían as demandas que imos aprobar agora. Repulsa do pleno á instalación do vertedoiro. Declaración do pleno contraria á centralización do almacenamento e xestión de residuos de toda Galicia na comarca de Ordes e establecer no PXOM previamente á aprobación provisional e definitiva unha protección nesa zona. A maiores solicitaban que a Consellería de Medio Ambiente sometese novamente a información pública a autorización ambiental integrada do proxecto de vertedoiro, por que existían defectos de forma ao retirarse prematuramente da páxina web o proxecto que impediu que se presentasen as oportunas alegacións. Alégranse de que a Consellería finalmente reconécese o defecto de forma e que someta novamente o documento a información pública. O 26 de agosto Ana Miranda deputada no Parlamento Europeo polo BNG acode a Lesta para unha reunión cos veciños e visita a zona da Areosa e Sogama, comprometéndose a presentar dúas iniciativas no Parlamento Europeo sobre o modelo obsoleto de residuos de Sogama e máis unha denuncia polo vertedoiro de Lesta. Iniciativas que foron rexistradas na maña de onte. Trátase dun vertedoiro no que non unicamente se recollen residuos da construción, senón tamén cinzas de forno e escouras, toner de impresoras, cámaras dun so uso, deterxentes, residuos do recheo das chemineas, residuos de desengraxado, residuos de pintura e verniz, ...etc. Todo isto nunha parcela de 141.600 m<sup>2</sup> que está próxima ao vertedoiro de Areosa e que de converterse en vertedoiro favorecería que as parcelas ubicadas entre esta e o vertedoiro de Areosa rematasen converténdose en vertedoiros a medio prazo. Actualmente a Areosa é un dos maiores vertedoiros de todas Europa con aproximadamente cinco millóns de toneladas de residuos e na actualidade varios camións de Sogama verten directamente e sen tratamento previo dos residuos no vertedoiro que despois un buldócer amorea nunha esquina. O BNG leva vinte e dous anos en contra do modelo Sogama baseado na incineración e na acumulación de residuos. Van a seguir loitando para cambialo por outro modelo baseado na compostaxe e na reciclaxe. No bipartito xa o intentaron cun plan de residuos 2007-2017, que contaba co apoio de todas as asociacións ecoloxistas de Galicia. No ano 2010 o PP recuperou a Xunta de Galicia e o substituíu por outro modelo baseado na incineración e posteriormente aprobando a ampliación do vertedoiro da Areosa no ano 2011 e ampliación de Sogama no 2015. O modelo Sogama recicla o dous por cento do residuos o resto incínérase ou vai par a Areosa. O modelo da Barbanza baseado na compostaxe e reciclaxe chega a acadar un corenta por cento da reciclaxe dos residuos. Dende o BNG felicitan aos veciños e á Asociación de veciños afectados de Lesta polo gran traballo que están a levar a cabo e pola



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

exitosa recollida de sinaturas en contra do vertedoiro. O PXOM estivo exposto no período alegacións, o BNG fixo catorce alegacións, non sabe cantas fixeron o resto dos grupos políticos.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que están en total acordo coa proposta dos veciños de Lesta, apoian as demandas para que non se instale un vertedoiro na súa parroquia. Un vertedoiro que vai a ter unha incidencia negativa non so para os veciños de Lesta, senón tamén para todo o concello. Non so os prexuízos importantes a nivel de saúde, económico e de flora e fauna. Este vertedoiro ten o seu inicio no ano 2010 no ano 2015 denegouse pola Consellería de Medio Ambiente a autorización ambiental integrada, a empresa iniciou un novo expediente subsanando algúns dos problemas que había no proxecto inicial para iniciar de novo a tramitación. Están de acordo cos cambios no PXOM, que se clasifique como solo de especial protección estes terreos. Pero como apuntaba a voceira do PSOE hai erros na cartografía, desto UxO non é responsable, tampouco o PSOE. Claro que se presentaron alegacións. O BNG presentou catorce que eran previas para a aprobación do PXOM, non llas incluíron todas, e aínda así o aprobaron. O PSOE e UxO tamén presentaron alegacións. Non estiveron de acordo coa premura na aprobación do PXOM por que podía haber estes erros. Todos son responsables de non incluír isto no PXOM ou non darlle a importancia suficiente para avisar aos veciños no seu día. Todos son responsables como concelleiros, non so o goberno que está nese momento, de dar resposta, de informar aos veciños de todo aquilo que consideramos importante. As nosas desculpas por non informar, por non darlle a importancia que lle tiñamos que dar por que pensabamos que ao igual que no 2015 ía vir agora tamén denegado. Están totalmente de acordo co primeiro punto e sobre todo co segundo, que non se vaia a centralizar a xestión de residuos de todo Galicia no noso concello. Iso sería un gran prexuízo non so para os veciños de Lesta, senón tamén para todos os veciños de Ordes e da nosa comarca.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que todos os grupos deron cantidade de datos e información do que aconteceu con este trámite. Practicamente comparte todos os apuntamentos. O expediente iniciouse no ano 2010, houbo unha primeira exposición pública no ano 2012, a denegación en febreiro de 2016 da autorización ambiental integrada. Hai algo que non dixo ninguén, na reunión da concelleira delegada de medioambiente, concelleiro delegado de deportes cos veciños en Lesta u once de agosto saía esa información pública. Hai que dicir que quen se da conta diso é un veciño que falou co BNG e con algún dos meus compañeiros nese primeiro momento. O sábado cando tiña que rematar o período de exposición ao público xa non esta o expediente colgado na web. A raíz de que ese erro se detecta a día de hoxe está iniciado un novo trámite de exposición ao público de sete días, que chega ata o vindeiro mércores, no cal se van a poder facer alegacións. A raíz desa reunión en Lesta, ao día seguinte falou coa Secretaría Xeral, unha semana despois xa tiñamos resposta do que había acontecido. Eses erros acontecen por que tamén nos poden ocorrer a nos a nivel administrativo no concello. A persoa que sube á plataforma ese expediente lle puxo como data de finalización as 00:00 horas do día 6 de agosto. Co que se está a cometer un erro por que se esta a comer un día de exposición ao público. Trasladou iso á Consellería que estaba a tramitar con arranxo ao que di a lexislación, pescudaron o que acontecera e en menos dunha semana tiñamos esa resposta que se lle fixo saber aos afectados. A Consellería reconeceu que se había cometido un erro e que había que facer unha nova exposición ao público. A exposición pública esta novamente aberta. Non hai que negar que o BNG presentou unha moción cunha proposta, pero esa proposta que tiña eivas, os acordo tal é como estaban incluídos, os dous últimos, un xa esta liquidado e o outro non se podía adoptar sen facer esa salvidade con respecto ao PXOM. A fixación dun solo rústico de especial protección é en base a unha lexislación sectorial. A aprobación inicial e provisional



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

correspóndelle ao concello, pero a aprobación definitiva vai a corresponderlle á Xunta de Galicia. Ten que agradecer unha vez máis que o PXOM estea aprobado gracias aos votos do BNG e do PP, por que senón o retraso houbera sido inmenso para todos os veciños de Ordes, incluídos os de Lesta. Ese documento que sempre recoñecemos que é mellorable, houbo un período de exposición pública importante, quere ver as alegacións que presentaron. Está moi ben que se faga un estudo detallado e pormenorizado do que hai nesa parcela. A documentación que se fixo chegar xa se lle deu traslado ao equipo redactor do PXOM para a súa toma en consideración. Será segundo a lei do solo de Galicia en base a que se tomará unha determinación. O acordo é unánime. Isto é o máis importante. Que o pleno que vos representa e que escollestes democraticamente en maio de 2015 chegou a un consenso neste punto. Seguir animando aos veciños na labor que están a facer. Que sigan falando con todos. Que non instrumentalicen a xestión do que están a promover. Se é así van a contar co noso apoio, senón é así no que nos pidan estarán ao seu carón.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político Mixto-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1. Manifestar a repulsa á instalación dun vertedoiro de residuos non perigosos, promovido por Reciclaje Ambiental Lesta, S.L., no concello de Ordes, por danar os intereses socioeconómicos e medioambientais do concello e da comarca de Ordes.
2. Declararse contrario á centralización do almacenamento e xestión de residuos de toda Galicia na comarca de Ordes, o cal resulta antieconómico e medioambientalmente obsoleto.
3. Previamente á aprobación provisional e definitiva do PXOM, previo informe do equipo redactor e axustándose ao sinalado no art. 34.2.c) e f) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, estableceranse como solo rústico de especial protección os terreos precisos para protexer á poboación da ra de San Antón Hyla arbórea (agora Hyla molleri), e a totalidade do rego, que nacendo en Fonte do Trigo, alimenta o caudal do Rego de Lesta (afluente do río Lengüelle), que forma parte do hábitat da citada poboación de rás.

### **PUNTO TERCEIRO: SORTEO MEMBROS MESAS ELECTORAIS, ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA, 25 DE SETEMBRO DE 2016.**

Polo Sr. Alcalde-Presidente dáse conta da obriga de dar cumprimento ó disposto no art. 26.1 e 4 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral en relación coas Eleccións ao Parlamento de Galicia 2.016, a celebrar o día 26 de setembro do ano en curso, convocadas mediante Decreto 92/2016, de 1 de agosto (DOG nº 145, de data 02/08/2016).

Seguidamente polo Pleno do Concello procédese, mediante o emprego de medios informáticos, ao sorteo público das dezaioito mesas electorais correspondentes aos distritos e seccións dos que consta o Municipio de Ordes, formándose as Mesas que se indican, coas persoas que se expresan e para os cargos que se apuntan que figuran anexos a esta acta.



## CONCELLO DE ORDES

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

**PUNTO CUARTO: RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA 19 DE AGOSTO DE 2016, DE SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL CONCESIÓN DE AXUDA PARA O INVESTIMENTO NA MELLORA DE INFRAESTRUTURAS E O EQUIPAMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS 0-3 DEPENDENTES DAS CORPORACIÓNS LOCAIS E SE CONVOCAN PARA O ANO 2016, ORDE DE 13/07/2016 (DOG nº 140, DE DATA 26/07/2016).**

Publicada a Orde de 13/07/2016, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o investimento na mellora de infraestruturas e o equipamento das escolas infantís 0-3 dependentes das Corporación Locais e se convocan para o ano 2016 (DOG nº 140, de data 26/07/2016).

Visto o disposto nos arts. 1 (obxecto), 3 (entidades beneficiarias) e 4 (accións e gastos subvencionables e contía da axuda) da Orde de 13/07/2016.

Vistas as actuacións necesarias para a mellora da calidade educativa na Escola Infantil Municipal de Ordes.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político Mixto-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local, de data 19 de agosto de 2016, de solicitar da Consellería de Política Social ao abeiro da Orde de 13/07/2016, unha subvención para a mellora da Escola Infantil Municipal de Ordes polos importes e para as actuacións seguintes:

- **Dotación de equipamento e novas tecnoloxías na Escola Infantil Municipal de Ordes**, por importe de 15.000,00 euros.
- **Obras de adecuación e mellora na Escola Infantil Municipal de Ordes**, por importe de 20.000,00 euros.

2.- Aceptar as condicións e requisitos establecidos na Orde de 13/07/2016 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión da axuda solicitada anterior.

3.- Comprometerse a manter o cumprimento de todos os requisitos establecidos na Orde de 13/07/2016 e na normativa aplicable durante o tempo en que se perciba a subvención e a comunicar inmediatamente cantas axuda solicite e/ou obteña o Concello doutras administracións pública e outros entes públicos, nacionais ou internacionais, ou calquera outra variación que se produza no anteriormente declarado.

**PUNTO QUINTO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, CONTA XERAL EXERCICIO 2015.**

Expediente instruído para a aprobación da Conta Xeral desta entidade local, correspondente ó exercicio de 2015, rendida e formulada de acordo co disposto no art. 212 do





## CONCELLO DE ORDES

---

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e as regras 97 e seguintes da Instrución do modelo normal de contabilidade local, contendo así mesmo dita conta tódalas partes que se contemplan na mencionada Instrución de contabilidade, xustificándose mediante os documentos e libros de contabilidade que se establecen nesta.

Visto o ditame favorable da Comisión Especial de Contas, de data 21/07/16, e informe de intervención.

Visto que durante o período de exposición ó público da Conta Xeral mediante anuncio no BOP nº 142, de data 28/07/16 e taboleiro de anuncios do Concello non se formularon reclamacións algunha contra esta.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o expediente da Conta Xeral inclúe a totalidade da documentación e dos estados contables que esixen a lexislación de facendas locais e instrución de contabilidade simplificada. Foi elaborada pola intervención municipal xunto cun informe explicativo da mesma para unha mellor comprensión das distintas magnitudes contables e orzamentarias. Transcorrido o prazo de exposición ao público non consta a presentación de reclamación ou reparo algún. Por causas alleas á alcaldía non se cumpriron os prazos que a normativa fixa para a súa tramitación, ditos estados deberían ter sido rendidos antes do 15 de maio e sometidos a informe da Comisión de Contas antes do 1 de xuño, coa presentación ao pleno poden cumprirse os prazos que faltan. Aprobación antes do 1 de outubro e rendición aos órganos de control externo antes do 15 de outubro. O motivo que impediu o cumprimento dos prazos foi a imposibilidade de cubrir por parte dos técnicos os datos a reflectir na memoria por non permitilo o sistema contable debendo agardarse que este fose adaptado á nova instrución de contabilidade das administracións locais. O resultado orzamentario axustado é positivo para o ano 2015. O aforro legal tamén é positivo representando un 10% dos ingresos liquidados por operacións correntes. O nivel de endebedamento bancario é do 60,56% dos mesmos. O remanente de tesourería para gastos xerais foi de 960.000 euros, e a liquidación dos orzamentos cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, capacidade de financiación de 336.000 euros, a regra de gasto, o límite de débeda e o período medio de pagamento. Non se trata de analizar se a xestión foi boa ou mala. A aprobación da conta xeral ven sendo un acto formal necesario para a súa rendición aos órganos de control externo. O voto en contra non ten sentido toda vez que durante o período de exposición ao público non se presentou ningunha reclamación, cando se tivo oportunidade de alegar en contra. É un documento de carácter contable, non se vota unha boa ou mala xestión.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PsdeG-PSOE, que sinala que esta conta ven a reflectir a execución do orzamento do ano anterior. Que foi apoiado polo PSOE por que contiña moitas ou case todas das nosas peticións en materia de comercio local, impulso á economía local. Dende aquela aprobación definitiva se tramitaron modificacións de crédito por máis de dous millóns de euros o que supón un incremento dos orzamentos de máis do vinte e cinco por cento respecto das previsións iniciais de ingresos. Vai a destacar unha serie de puntos para xustificar o sentido do seu voto. Dentro do pasivo corrente, débedas a curto prazo, prodúcese un aumento que non é positivo. O ano pasado ás débedas a curto prazo reducíronse en máis de catrocentos mil euros respecto do ano anterior, neste reducense apenas



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

corenta e cinco mil euros. É verdade que se reduce o pasivo a longo prazo. As a curto prazo redúcense en menor contía, é sempre máis importante reducir a débeda a curto prazo que a longo. Un dato que nos importa é o importe do dispoñible que reflicte a tesourería. O diñeiro que ten o concello en contas correntes que sofre unha redución do vinte e sete por cento. O fondo de manobra reflicte un saldo negativo, pasou de seiscentos mil euros a trescentos mil. Tamén lles preocupa o índice de liquidez e o índice de solvencia se reducen e o remanente de tesourería tamén. O superávit no a no 2014 era de máis de un millón de euros e agora é de máis de trescentos mil euros. Por todos estes datos que acaba de aportar, aínda que se dixó que non tiña sentido votar en contra, recorda e así o reflicten as actas dos anos anteriores cando o Alcalde estaba na oposición, sempre votaba en contra desta conta xeral. Ven algunhas partidas que reflicten un empeoramento con respecto ao ano anterior.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que na conta xeral produciuse un incumprimento dos prazos. Tiña que ser sometida á comisión de contas antes do 1 de xuño. Algo que xa comeza a ser habitual no seu mandato, os orzamentos foron presentados fora de prazo. Igual acontece co famoso informe do Consello Escolar Municipal, a pesar de que o esixe así o regulamento en ningún momento se trouxo ao pleno este informe. O ano pasado o esiximos varias veces. Estamos chegando ao 15 de outubro e non se sabe nada deste informe. A conta xeral amosa un endebedamento por habitante de 436 euros. Este endebedamento existe a pesar de destinar fondos da Deputación a amortización de débeda, do catastrazo que se perpetrou subindo o IBI aos veciños. Estamos obrigados a renunciar a facer investimentos con fondos propios, teñen que facerse todos con fondos procedentes da Xunta ou Deputación. No ano 2015 é o ano no que menos se reduciu a débeda dende o ano 2012, so cincocentos cincuenta mil euros. Invertimos a tendencia a alza do fondo de manobra dos anos 2013 e 2014, co risco de volver a unha marxe negativa como aconteceu nos anos 2008 a 2012. No ano 2015 leváronse a cabo excesivas modificacións de crédito, chegando a supor un 25% do total dos orzamentos. No ano 2013 foron un 9%. Isto é síntoma de que os orzamentos non estaban ben elaborados. Sinalar que foron recibidas facturas por servizos prestados ou subministros realizados fora do período de vixencia dos respectivos contratos, sen que os mesmos fosen prorrogados, asesoramento laboral, reclamación de danos, limpeza de edificios municipais, mantemento de pavillóns, servizo de guindastre, punto limpo. Contratos vencidos nos que se produciu unha prórroga tácita que non está permitida pola lei de contratos do sector público. Tamén se tramitaron contratos menores con facturas por servizos prestados habituais que deberían ser obxecto dun expediente de contratación, por exemplo mantemento da piscina climatizada. No ano 2015 hai numerosas facturas con conceptos xenéricos, non acompañándose certificacións de obra, nin sequera unha relación valorada das unidades de obra executadas. O total destas facturas supera o 539.000 euros. Facturas que non foron fiscalizadas, omitíndose trámites esenciais. Por todas estas cuestións, a conta xeral é unha análise do que sucedeu no concello durante 2015. Teñen que facer unha valoración política e de fiscalización da labor de goberno. Vistas todas estas cuestións que acaban de sinalar, o sentido do seu voto ten que ser contrario.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que o PP nos últimos exercicios votaron en contra da conta xeral, aínda que é certo que en dous si que votaron a favor por responsabilidade. Se no período de alegacións non se fixo ningunha, tampouco procede o sentido do voto en contra. Aínda que son unhas contas que están ben, van mellorando ano tras ano. Gracias a UxO, gracias ao plan de axuste que no seu día pediron e que o PP votou en contra. Gracias a este plan de axuste estabilizouse a situación económica e financeira do concello e puideron cobrar os provedores. Gracias a UxO e dos compañeiros que nese momento votaron a favor dese plan de axuste as contas foron mellorando ano tras ano como amosan as



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

cifras que o interventor fixo na táboa correspondente. O alcalde neste último ano defendeu sen argumentos cifras que agora están na conta xeral. Nos seis primeiros meses do seu mandato dedicouse a dicir que dende UxO despilfarraron, que tiveron unha mala xestión. Aínda que hoxe na súa intervención apuntou que non temos que falar aquí da xestión, si que falaba vostede da nosa xestión cando defendía o voto a favor ou en contra da conta xeral. Dedicouse a falar de todo o mal que o fixeramos nos e vese que mentiu. As contas están aquí, e os números non menten. Onde está a nosa mala xestión, temos un fondo de manobra positivo, máis menos trescentos cincuenta mil euros. Un remanente de tesourería de máis de un millón de euros. Un período medio de pago de vinte e un días das facturas. Se nos seus primeiros seis meses non se dedicase a criticar a nosa xestión e si a traballar e facer máis polo noso concello, hoxe estaríamos falando noutro sentido con respecto á conta xeral.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta sorprendido coas intervencións, algunhas cuestións prefería non ter que contestalas. En dúas veces permitiron que se aprobase a conta xeral, o ano pasado permitiron que se aprobase a conta xeral. Este ano hai que dicir que a conta xeral é compartida. Ata o 3 de xullo estivo UxO, a partir de aí houbo un novo goberno, aí está a realidade do que estamos a falar. Máis do oitenta por cento gastouno UxO en seis meses. Si iso non houbera sucedido así non estaríamos na situación da que falaban fai un momento, como esta o índice de liquidez, índice de solvencia ou estado de tesourería. Se houbera unha análise mensual verían de donde saen esas cifras, onde se produciu a tensión en calquera dos índices anteriores. En ningún momento os grupos da oposición dixeron que era unha conta xeral compartida, é xusto recoñecelo, por que estamos a falar do exercicio 2015, cun orzamento que tampouco era o noso e que no seu día estaba practicamente esgotado. Nese orzamento como sabían hai cantidades de partidas que non se poden esgotar, nas que non se poden facer modificacións de crédito. Modificacións de crédito que tamén as fan vostedes onde gobernan, tamén as fai a Deputación, por que son necesarias para sacar adiante proxectos de axudas que despois redundan en beneficio dos veciños, despois parécelles que as obras saen da nada. Hai que agradecer que a Xunta e a Deputación fan moitas aportacións en moitos casos ao cen por cen como vai a ser a Ponte de Pereira, a ponte de Vilamaior ou a estrada de Mercurín na que se van a investir dous coma tres millóns de euros, ou o centro sociocomunitario en Ordes onde van a aportar máis do cincuenta por cento dun investimento de case seiscentos mil euros. Non poden dicir que non se está a traballar ou a conseguir cousas para os veciños de Ordes, que é o que estamos a facer dende o minuto un que estamos no goberno municipal. As veces con máis acerto, outras con desacerto, o mesmo lles pasaba a vostedes. O tempo aí esta, houbo cousas que saíron ben, outras saíron mal. Falaron do plan de pago a provedores, quen conseguiu que houbese un plan de axuste. O plan de pago a provedores foi para toda España cando Mariano Rajoy ganou as eleccións en novembro de 2011. O que lle dixo aquel día era que o plan de pago a provedores era necesario aínda que non compartía as medidas que era o plan de axuste que lle había que aplicar aos veciños para devolver os cartos a dez anos vista. Recoñece que cometeron un erro ao non sumarse ao plan de pago a provedores, que houber saído adiante como saíu nos concellos que non lograron aprobalo. Os veciños conseguiron cobrar máis de dous millóns de euros que viñan da súa xestión que viña dos catro anos anteriores. Eses cartos os estamos a pagar entre todos a día de hoxe. A realidade da conta xeral está aí, non debemos entrar en debates estériles. A conta xeral é compartida súa e máis nosa. A responsabilidade é de ambos, do que suceda con ela. Como nos o ano pasado no pleno de agosto decidiron absterse para que vostedes puidesen aprobar a conta xeral do exercicio, como no ano 2011 que se decidiron abster, ou no ano 2012 no que se retiraron do pleno por que se convocou da maneira e á hora na que se convocou. Tomen a decisión que consideren, a aprobación da conta xeral é bo, así nolo fai saber o interventor municipal. A decisión está nos membros da corporación.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PsdeG-PSOE, que sinala que o Alcalde nalgunha ocasión votou en contra, non pode dicir que non ten sentido votar en contra por que tamén o fixo. Na primeira intervención xa argumentou todos aqueles índices que empeoraban con respecto ao ano anterior. O BNG na súa intervención tamén fixo mención deles por que algúns amosan unha baixada importante. Debido a este empeoramento con respecto ao ano anterior o sentido do noso voto non vai a ser favorable por que estes indicadores manifestan un claro empeoramento destas contas con respecto ao ano anterior. Vostede dixo nos medios de comunicación que pedía unanimidade no tema de Lesta, que non se utilizase de forma partidista. Ve que estamos nun debate da conta xeral e falou da estrada de Mercurín, da ponte de Pereira, dunha serie de investimentos que non teñen que ver coa conta xeral. Cada un dos grupos tamén poderíamos aquí falar de todo aquilo que fixemos ou solicitamos, o que non ten sentido. Hai que limitarse a debater o empeoramento destes indicadores que fan que o sentido do noso voto non poida ser positivo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que en ningún momento negan que a conta xeral sexa compartida. Estamos a falar do ano 2015. A xente o sabe, foi o momento no que houbo as eleccións municipais e houbo un cambio no goberno. Hai modificacións de crédito, hai cuestións que para ser atendidas é necesaria unha modificación de crédito. Pero estamos a falar de que as modificacións representan máis do vinte e cinco por cento dos orzamentos, máis de dous millóns de euros.

Intervén o Sr. Interventor, que sinala que cree recordar que o ano pasado se aprobou polo pleno un crédito extraordinario, suplemento de crédito para o superávit orzamentario que iso era xa máis de un millón de euros. Co cal deses dous millóns de euros de modificacións, un millón catrocentos mil euros corresponde á modificación de crédito con cargo ao superávit con remanente. A maiores están as incorporacións de remanentes e as modificacións por achegas doutras administracións que se fan unha vez aprobados os orzamentos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que sen ter os datos diante, como moito as modificacións con cargo ás partidas orzamentarias un cinco ou seis por cento, non pode dicir que é un vinte e cinco por cento. Que hai unha modificación total do vinte e cinco por cento na execución total dos orzamentos. O que lle está a dicir o interventor é que unha modificación de crédito na que se incorporan remanentes de crédito, se amortizou débeda por case douscentos mil euros, se aprobaron obras vinculadas ao superávit do ano anterior, despois están as modificacións das subvencións que se concederon a posteriori durante o exercicio 2015 que non estaban contempladas orzamentos. Por iso lle pide que ese dato non o diga así. Non se fan dous millóns de euros de modificacións sobre os orzamentos.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que aquí o que pon é que sobre os orzamentos aprobados se tramitaron modificacións de crédito por importe total de dous millóns cen mil euros. Falou da ponte de Pereira, da estrada de Mercurín, estamo a analizar a conta xeral do ano 2015. Cando chegue a conta xeral do ano 2016 xa falaremos dese tipo de actuacións, non desviemos a atención. Séguense a prestar servizos con contratos caducados, isto era recorrente no anterior equipo de goberno, é vostedes levan seis meses, agora un ano, gobernando este concello, licitouse o punto limpo, solucionouse o de asesoramento museístico, pero do resto non se sabe nada. Nun ano da tempo en sacar a licitación a prestación destes servizos, estase a



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

incumprir a lei de contratos do sector público. É algo que deben emendar. Reitera que o seu voto vai a ser negativo a esta conta xeral.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que o voceiro do BNG ten que ler o parágrafo enteiro que di que sobre os orzamentos definitivamente aprobados se tramitaron modificacións de crédito por importe de dous millóns cen mil euros, dos cales se tramitaron vinte e oito expedientes, correspondentes a unha incorporación de remanentes, un crédito extraordinario, dous suplementos de crédito e once xeracións de crédito e catorce transferencias. Que é o que lle apuntaba o interventor sobre os orzamentos. Esa é a diferenza de ler so dous millóns cen mil euros e ver que son vinte e oito expedientes que veñen especificados a que corresponden. Quere recalcar un aspecto importante desta conta xeral que é que xa lles houbera gustado ter tido o apoio institucional da Deputación, cando estaban vostedes nos non recibimos nada, cero. Parece que o goberno do PP so favorece aqueles que son do mesmo partido, esa é a democracia que temos hoxe en día. Estas contas non están mal. Hai un remanente de tesourería de máis de un millón de euros. Non podemos dicir que as contas están mal, os índices fóronse modificando, pero seguen sendo moitos deles positivos a pesares dese despilfarro que vostedes din que houbo neses seis primeiros meses de 2015. Xa veremos nas vindeiras contas como no capítulo de transferencias de capital vai a verse incrementado polas axudas institucionais da Xunta de Galicia e da Deputación. Non hai máis que ver como a estrada de Mercurín que durante catro anos estiveron pedindo insistentemente, que se metían nos orzamentos por ese compromiso de que se ía a arranxar, chegaron vostedes e se desbloqueou a situación, primeiramente non había cartos en ningún lado. Non somos borregos, agarda que a xente sexa consciente de que non hai que votar PP, ou a determinado partido político para recibir determinadas axudas institucionais, hai que ser libres para votar. Teñen que axudar aos concellos máis que dando o estrictamente necesario, senón o xusto, o que precisamos en cada momento, segundo as necesidades dos veciños do noso concello. Mentres tanto os veciños tivemos que padecer as consecuencias de ter unha estrada como a que tiñamos gastando cartos dos orzamentos en arranxala e rebacheala. Sempre criticaron os nosos orzamentos, sempre dixeron que eran ficticios, pero como se ve nas contas sempre os executamos a un noventa por cen ou máis, excepto no coeficiente de investimento que chegamos so a un oitenta e cinco por cento por que sempre incluimos a estrada de Mercurín por ese compromiso que tiñamos. Cal é o único capítulo que non se cumpriu por riba do noventa, o capítulo tres de gasto financeiro. Moi a pesar do goberno do PP, cando o Alcalde falaba do plan de axuste, que estamos a pagar a o un por cen, gracias a anterior corporación que así o votamos. O goberno do PP prestounos os cartos a un cinco por cento, puidemos refinar ese préstamo por debaixo do un por cen. Durante os últimos meses do 2015 o Alcalde dedicouse a criticar a nosa xestión e non a gobernar. Falou sempre de débeda. Quérelle recalcar que si que tiñamos débeda pero vinculada a investimentos, una tanatorio, uns baixos da Alameda, unha cidade deportiva, obras que hoxe en día os nosos veciños poden desfrutar, aínda que vostede sempre dixo que non lle gustaban. Un é exclavo das súas palabras, ninguén as levou para casa. A algúns gustaranlles máis ou menos, haberá quen as poida aproveitar máis ou menos, dependendo das súas necesidades, están aí para todos. Esa é a diferenza, iso é o que ten que facer un concello, un concello de progreso. O Alcalde falseou datos, encargouse de transmitirle aos veciños unhas cifras que agora na conta xeral vese que non é así. Aínda así hoxe por responsabilidade, por ser unhas contas que son parcialmente nosas, por que queren que este goberno mellore polo ben dos veciños, vanse abster.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que lle seguen a sorprender. Faloulle a voceira de UxO de que se endebedaron polas obras. Canto tivo que cofinanciar no tanatorio do que foi a axuda



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

do Plan E, cero euros. Canto tivo que cofinanciar na actuación no campo de fútbol que tamén foi cofinanciada polo Plan E, cero euros. Non pode dicir que a débeda sae desas actuacións. Na Casa Consistorial si que houbo que cofinanciar unha parte. Pero recibiu unha axuda do oitenta por cento da Xunta de Galicia para as obras. Na estrada de Mercurín había un proxecto de un coma sete quilómetros na parte da Bailia, nos o reducimos a un quilómetro cen por que decidimos adaptar o proxecto ao ancho da vía de nove metros, eses cartos viñan do PP da Deputación, arranxouse un salón de plenos da Casa Consistorial cuns cartos que viñeron da Deputación e arranxouse o primeiro tramo do parque empresarial con cartos que viñeron da Xunta de Galicia. Sabe canto veu da Xunta de Galicia nos últimos catro anos nos que vostedes estiveron no goberno, case cinco millóns de euros. Non diga que non veu nada, por que con iso minte, e non lle estamos a trasladar a realidade aos veciños. Estase a traballar, a tratar de xestionar. Por iso antes cando a Sra. Gómez Fuentes lle dixo que se lle falase de xestión lle falou das cousas que están facendo ou que queren conseguir e despois recrimínaselle que se lle están dando datos partidistas, que queremos ser electoralistas. Deulle datos de xestión. A conta xeral é a que é, as cifras as fan os técnicos, non temos nada que obxectar. Con respecto á xestión está moi ben que vostedes critiquen, están na oposición como nos estabamos antes, e moi respectable. Pero non mintamos, intentar trasladarlle aos veciños que non son reais non nos levan a nada. Por iso lle dicía antes ao Sr. Vidal Ríos que a cifra que dicía está aí, pero ao longo do ano se incorporan moitas cantidades, que non son modificacións do orzamento, senón do exercicio orzamentario. O Plan de axuste ao sete por cento foi para todos os concellos. Pero os dous millóns oitocentos mil euros de facturas pendentes que houbo que pagar as deixaron vostedes. Gracias ao PP que sacou ese plan de axuste e despois se houbo a posibilidade de refinanciar a débeda ao un por cento foi novamente gracias ao PP, non gracias a ningunha xestión do concello.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que el do que fala é do que ben na conta xeral. Non mentimos.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que estamos no debate da conta xeral, polo tanto non ten cabida falar de obras como as da estrada de Mercurín, por que tamén podería traer aquí todas as veces que dende o PSOE pedimos esa estrada en forma de mocións ou rogos e como non se fixo, tendo que esperar a estar gobernados polo PP para que esa situación se desbloquease. Non ten cabida falara agora diso como ben dixo o voceiro do BNG. Por que estamos no debate da conta xeral e hai que acatarse á orde do día.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o plan Miner aprobouse no ano 2008, o PSOE gobernou Madrid ata o ano 2011, tiveron tempo e tempo se houbesen querido facer a estrada de Mercurín, e a estrada de Mercurín a vai a facer o PP.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de sete votos a favor (7 grupo político PP), catro votos en contra (3 grupo político BNG, 1 grupo político Mixto-PSOE) e coas abstencións (5 grupo político UxO), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2.015 nos termos e coa documentación que consta no expediente.



**CONCELLO DE ORDES**  
**(A CORUÑA)**

**FOLLA Nº 15**

2º.- Render a Conta Xeral ao Tribunal de Contas desta Comunidade Autónoma, nos termos previstos no art. 223.2 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e na Regra 51.2 da Instrución do modelo normal de contabilidade local (Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro).

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás vinte e unha horas e dez minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

**O ALCALDE**

**O SECRETARIO**